

¡Viva don Valentín Paz Andrade!

Faro de Vigo, 7 Julho 1986, p. 40.

X. L. MENDEZ FERRIN

Grande número de xornalistas, entre os que se inclúen os José A. Silva e os Alvarez Pousa dunha televisión impregnada de tabúes, vetos, noxos, manipulacións informativas, medos variados á liberdade, negan a existencia de **Realidade Galega** implicitamente, e algúns explicitamente tamén, informando, entrevistando, escribindo como se este partido non existira e presentando as súas figuras non como o que son, activistas políticos de dereita neo-rrexionalista, senón quer como "galeguistas históricos" ou quer como "os intelectuais galegos".

Certamente, a **cultura** e o **galeguismo** foron usados, e aínda o son, como atributos propios e exclusivos dos seus membros, que lles permiten acceder aos arrabaldos do poder autonómico, ou a lugares de verdadeira competencia executiva, sen ter que pasar por eleccións nen por urnas. Eles son os "históricos" e os "intelectuais" (ademais "democráticos"), e como nen o PSOE nen AP teñen "históricos" de ningún tipo nas súas fileiras (AP tennos pero son "históricos" do franquismo; e iso haino que esquencer), nen tampouco dispoñen de moita xente de letras, os homes de **Realidade Galega** sêrvenlles para acadar lexitimidade e perfume. Son, os de **Realidade Galega**, o arrecendo e o luxo do filisteísmo galego.

Pero, en realidade, esta **Realidade** é un bluff no seu conxunto e unha tomadura de pelo no detalle das súas cousas. Por exemplo, D. García-Sabell endexamais foi galeguista, senón sempre un verdadeiro intelectual (iso si) republicano (agora xa non) e denodado resistente contra a barbarie franquista. Non é **histórico** de nada en política, porque a súa resistencia, como a do grupo dos seus amigos de Madrid (Marias, Lain, por exemplo) foi meramente pasiva e endexamais se complicou na acción anti-franquista xunto cos centos e centos de homes e mulleres que en Galicia forman a nómina real dos demócratas e galeguistas "históricos". As súas conferencias e os seus textos sobre o bilingüismo revelan que o seu instinto, a súa íntima vivencia, a súa fe personal non apostan pola emancipación e a emer-

xencia dunha cultura nosa, nova, popular e democrática, de expresión **única galega**. Por isto García Sabell, que víamos que non é ningún "histórico", tampouco pode ser calificado como "galeguista". E o seu valor cultural segue intacto, como seguen os valores degradados do seu activismo político.

En canto ao calificativo de "intelectuais" que reciben os membros de "**Realidade Galega**" pode ser verdade nalgúns casos, como o de García Sabell, pero noutros non o é tanto. Por exemplo: Mariño Dónega Rozas, que chegou a ser conselleiro da Xunta preautonómica, a dedo, en virtude da súa condición de "escritor" é autor, como moito, de tres prólogos. De outros **intelectuais** de **Realidade Galega** sábese que non escribiron mais que recetas, como o doutor Sixto Seco, e son membros do Consello da Cultura. O propio líder, Ramón Piñeiro, é autor pura e simplemente duns cantos artigos e ensaios filosóficos, algún dos cales pode ser obxecto hoxe de análise xocoso, como é o caso do seu "Sinificado metafísico da saudade". Precaria intelectualidade, esta de **Realidade Galega**.

Así e todo a complicidade do silencio dos periodistas adictos aos círculos do poder autonómico, "**Realidade Galega**" ensina de vez en cando a súa faciana. Revela que está incrustada e detenta poder.

Sabemos que o delegado dos gobernos, de todos os gobernos de Madrid, recurrira contra a Lei de Normalización Lingüística, que o Tribunal Constitucional aceptara as súas admonicións e aporios xurídicos e que fallou de maneira que a obrigatoriedade do noso idioma na Administración autonómica ficou eliminada. O delegado dos gobernos acumula na súa persona a condición de presidente da Academia Galega, de herdeiro moral de don Manuel Murguía. Qué vergoña. Qué noxo.

A vista de algunhas protestas e de algunhas declaracións públicas de desagrado, salta automaticamente o Consello da Cultura Galega, organismo inoperante que é incapaz de gastar o seu propio orzamento e que serve unicamente como plata-

forma de cobertura a ese activista clandestino da dereita que é Ramón Piñeiro. Salta Ramón Piñeiro cunha estúpida louvanza do fallo constitucional cando ninguén lle esixía outra cousa que o estar calado, que é cando mellor se aprecia a súa presenza no mundo.

Está claro, pois logo, que **Realidade Galega** existe, aínda que a súa vida sexa sixelosa, másonica, subterránea.

Naturalmente, se en Galicia houbera unha política como é debido, D. García Sabell sería obrigado mediante toda clase de presións sociais para que abandoara o cárrago de presidente da Academia Galega. E Ramón Piñeiro veríase obrigado a dimitir, con toda a súa corte de intelectuais e de filisteos, da presidencia do Consello da Cultura Galega.

Como pouco iso.

Aínda que, se o malestar contra esta cativa xentía de **Realidade Galega** se converte nunha protesta nacional, como debera, ao mellor encontrámonos no intre adecuado para reconstruír e por en funcionamento tanto a Academia Galega como o Consello da Cultura, pasando, naturalmente, polo trámite necesario de expulsar esta secta dos seus acobillos indebidos e entregarlle estas institucións aos seus lidimos xestionarios naturais: os intelectuais galegos, a cultura viva da nosa patria.

Polo de pronto, a voz de Valentín Paz Andrade denunciando a insuficiencia dun estatuto con provincias, con gobernadores civís e delegados virreinais, resoou con forza en Trasalba e en Vigo. Dixo grandes verdades Valentín, o noso Valentín. Xa as sabíamos, pero reconforta ouvilas e confonde, o metal da voz de Valentín, aos cínicos, aos falsificadores da historia, aos inauténticos. Qué ben.

Pilar Comesaña pediume un "panfleto" humorístico, e eu vinme incapacitado para llo escribir. Porque, en realidade, en realidade galega, eu tiña que escribir hoxe aquí un panfleto en serio, este panfleto, que termina cun berro que non dou arredado da máquina de escribir: ¡VIVA DON VALENTIN PAZ ANDRADE!